4º	SLE	4º-SLEB3.3 – Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimientos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	CE
4º	SLE	4º-SLEB3.5 – Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíceis.	CE
4º	SLE	4º-SLEB4.3 – Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacóns da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.	EE
4º	SLE	4º-SLEB5.4 – Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CO, EO, EE, CE

### **3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO**

A nosa materia contribúe á consecución da adquisición de todos os obxectivos para a etapa establecidos no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, xa que, as materias lingüísticas facilitan a integración mediante textos, actividades, debates... de contidos diversos (científicos, artísticos, sociais, deportivos...), sen restrinxir os contidos aos meramente curriculares. Porén, atopamos que os obxectivos seguintes están particularmente relacionados coa materia:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexear a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Fomentar hábitos de vida saudable e promocionar a práctica da actividade física.
- n) Capacitar ao alumnado para desenvolver un comportamento responsable co medio ambiente. Poñer en práctica conceptos educativos sobre desenvolvemento sostible e cambio climático.

Para ver os *Esquemas dos Obxectivos de cada curso, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias claves*: **ver currículo** establecido no Decreto 86/2015 do 25 xuño.

#### 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:

I. ***2º ESO - TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS.***

#### TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO	2º ESO		
NIVEL	2º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Segunda lingua estranxeira (SLE) FRANCÉS

Criterio de evaluación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de evaluación / Procedimentos de evaluación (%)*	

#### Bloque 1: Comprensión de textos orais

SLE-B1.2	2º-SLEB1.1 – Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado,	Proba pechada (50% do valor da proba)	X	X	X	<b>PROCEDEMENTOS:</b> Exposición oral. Traballo individual.  <b>INSTRUMENTOS:</b> Preguntas realizadas polo profesor durante a clase. Proba oral.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula .	CCL, CAA, CCEC, CD
----------	---	---------------------------------------	---	---	---	--	-----------------------------

	e se repita se o necesita.						
SLE-B1.2	2º-SLEB1.2 – Comprende frases e expresións habituals relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.	Proba pechada (50% do valor da proba)	X	X	X	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> Exposición oral. Traballo individual.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Preguntas e observación do seguimento das consignas de clase. Proba oral.</p> <p>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula</p>	CCL, CAA, CCEC, CD
SLE-B1.3	2º-SLEB1.3 – Comprende o sentido global e a información más salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituals, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escutar o dito.	Proba pechada (50% do valor da proba).	X	X	X	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> Exposición oral. Cuestionarios. Traballo individual.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Unha “écouté” ou exercicio de comprensión oral nivel A1. Cuestionario pechado.</p> <p>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula .</p>	CCL, CAA, CCEC, CD

SLE-B1.4	2º-SLEB1.4 – Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descripción moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimento moi elementais.	Proba pechada (50% do valor da proba).	X	X	X	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> Exposición oral. Traballo individual e/ou en grupo.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Proba oral.</p> <p>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula .</p>	CCL. 51 CCEC, CD
----------	--	--	---	---	---	--	---------------------------

#### Bloque 2: Producción de textos orais

SLE-B2.1	2º-SLEB2.1 – Na mayoría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala ánda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	Rúbrica EO (a metade do valor total desta rúbrica)	X	X	X	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> Exposición oral. Traballo individual e en grupo.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Observación do traballo na aula. Rúbrica EO.</p>	CCL, CAA, CCEC, CD, CSIEE
----------	--	--	---	---	---	--	---------------------------------------

SLE-B2.2	2º-SLEB2.2 – Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía más sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecimentos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.	Rúbrica EO (a metade do valor total desta rúbrica)	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Exposición oral. Traballo en grupo.</p> <p>INSTRUMENTOS: Observación dos pequenos diálogos cos compañeiros. Rúbrica EO.</p> <p>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.</p>	CCL, CAA, CCEC, CD
SLE-B2.3	2º-SLEB2.3 – Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades más comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.	Rúbrica EO (a metade do valor total desta rúbrica)	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Exposición oral. Traballo en grupo.</p> <p>INSTRUMENTOS: Observación dos pequenos diálogos cos compañeiros. Rúbrica EO.</p> <p>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.</p>	CCL, CAA, CCEC, CD

SLE-B2.4	2º-SLEB2.4 – Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara,	Rúbrica EO (a metade do valor total desta rúbrica)	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Exposición oral. Traballo en grupo.	CCL, CAA
	e reaccionar adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, fazer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.					INSTRUMENTOS: Observación dos pequenos diálogos cos compañeiros. Rúbrica EO.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CCEC, CD
SLE-B2.5	2º-SLEB2.5 – Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.	Rúbrica EO (a metade do valor total desta rúbrica)	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Traballo colaborativo.  INSTRUMENTOS: Producións orais. Rúbrica EO.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CCL, CAA, CCEC CD

**Bloque 3: Comprensión de textos escritos**

SLE-B3.1	2º-SLEB3.1 – Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.	Proba pechada (50% do valor da proba).	X	X	X	<b>PROCEDEMENTOS:</b> Comprensión lectora. Traballo individual.  <b>INSTRUMENTOS:</b> Exercicios de comprensión escrita dos textos traballados. Proba de comprensión escrita.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CCL, 54 CD CSIEE
SLE-B3.2	2º-SLEB3.2 – Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.	Proba pechada (50% do valor da proba).	X	X	X	<b>PROCEDEMENTOS:</b> Comprensión lectora. Traballo individual.  <b>INSTRUMENTOS:</b> Proba de comprensión escrita.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CCL, CAA, CCEC
SLE-B3.3	2º-SLEB3.3 – Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimientos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.	Proba pechada (50% do valor da proba).	X	X	X	<b>PROCEDEMENTOS:</b> Comprensión lectora. Traballo individual e/ou en grupo.  <b>INSTRUMENTOS:</b> Lectura de correspondencia con posibles colexios franceses.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CCL, CAA, CCEC
	2º-SLEB3.4 – Comprende información esencial e localiza información					<b>PROCEDEMENTOS:</b> Comprensión lectora. Traballo individual.	

SLE-B3.4	específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.	Proba pechada (50% do valor da proba).	X	X	X	INSTRUMENTOS: Control de comprensión escrita.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CCL, CAA, CD
----------	---	--	---	---	---	---	--------------------

#### Bloque 4: Producción de textos escritos

SLE-B4.1	2º-SLEB4.1 – Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nível escolar.	Rúbrica EE (a metade do valor total desta rúbrica)	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Producción textual a partir dun modelo. Traballo individual.  INSTRUMENTOS: Proba escrita. Rúbrica EE.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CCL, CAA, CD, CSIEE
SLE-B4.2	2º-SLEB4.2 – Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	Rúbrica EE (a metade do valor total desta rúbrica)	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Uso de cuestionarios. Producción escrita. Traballo individual.  INSTRUMENTOS: Proba escrita (cuestionario). Rúbrica EE.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CCL, CAA, CCEC CD
SLE-B4.3	2º-SLEB4.3 – Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas,		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Producción escrita. Traballo individual.  INSTRUMENTOS: Textos escritos. Rúbrica EE.	

	tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.	Rúbrica EE (a metade do valor total desta rúbrica)				A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CCL, CAA, CCEC CD
SLE-B4.4	2º-SLEB4.4 – Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpia e ordenada.	Rúbrica EE (a metade do valor total desta rúbrica)	X	X	X	<p><b>PROCEDIMENTOS:</b> Producción escrita a partir dun modelo. Traballo individual.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Proba escrita. Rúbrica EE.</p> <p>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.</p>	CCL, CAA, CCEC CD

#### Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

SLE-B5.1	2º-SLEB5.1 – Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	Rúbrica EO (a metade do valor desta rúbrica)	X	X	X	<p><b>PROCEDIMENTOS:</b> Observación por parte do profesor na aula. Lectura en voz alta. Traballo individual.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Proba oral. Rúbrica EO.</p>	CCL, CAA, CCEC CD
----------	--	--	---	---	---	---	-------------------

SLE-B5.2	2º-SLEB5.2 – Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.	Rúbricas EO e EE (a metade do valor destas rúbricas).	X	X	X	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> Exposición oral e escrita. Traballo individual.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Proba obxectiva. Rúbrica EO e EE.</p>	CCL, CAA, CCEC CD
SLE-B5.3	2º-SLEB5.3 – Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de producción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Rúbrica CAA (a metade do valor desta rúbrica).	X	X	X	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> Observación sistemática por parte do profesor. Traballo individual.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Proba obxectiva. Rúbrica CAA.</p>	CCL, CAA, CCEC CD
SLE-B5.4	2º-SLEB5.4 – Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as	Rúbrica Traballo en equipo (a metade do valor desta rúbrica).	X	X	X	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> Traballo en equipo.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Rúbrica Traballo en equipo.</p>	CCL, CAA, CCEC CD

	competencias que posúe como persoa plurilingüe.						
SLE-B5.5	2º-SLEB5.5 – Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.	Rúbrica EE (a metade do valor desta rúbrica).	X	X	X	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> Produción textual. Traballo individual.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Proba escrita. Rúbrica EE.</p>	CCL, CAA, CCEC

**II. 4º ESO - TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS**

**TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO**

<b>CURSO</b>	4º ESO		
<b>NIVEL</b>	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	<b>ÁREA</b>	Segunda lingua estranxeira (SLE) FRANCÉS

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándares</b>	<b>Grao mínimo para superar a área</b>  Indicador mínimo de logro	<b>T 1</b>	<b>T 2</b>	<b>T 3</b>	<b>CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN</b>	<b>C.C.</b>
						<b>Instrumentos de avaliação / Procedementos de avaliação (%)*</b>	

**Bloque 1: Comprensión de textos orais**

SLE-B1.1	4º-SLEB1.1 – Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que sigue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as	Proba pechada (50% do valor da proba).	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Exposición oral. Traballo individual.</p> <p>INSTRUMENTOS: Observación da participación espontánea e preguntas realizadas polo profesor durante as clases. Proba de comprensión oral.</p> <p>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula .</p>	CCL, CAA, CSC, CCEC
----------	---	--	---	---	---	---	---------------------

	experiencias doutras lingua s.						
SLE-B1.2	4º-SLEB1.2 – Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.	Proba pechada (50% do valor da proba).	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Exposición oral. Traballo individual e/ou en equipo.</p> <p>INSTRUMENTOS: Exercicio de comprensión oral ou “écoutre” cubrindo un cuestionario.</p> <p>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula .</p>	CCL, CAA, CSC, CD,C CEC
SLE-B1.3	4º-SLEB1.3 – Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se	Proba pechada (50% do valor da proba).	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Exposición oral. Traballo individual.</p> <p>INSTRUMENTOS: Unha “écoutre” ou exercicio de comprensión oral.</p> <p>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula .</p>	CCL, CAA, CSC, CD,C CEC

	Ile repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.						
SLE-B1.4	4º-SLEB1.4 – Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.	Proba pechada (50% do valor da proba).	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Exposición oral. Traballo individual mediante cuestionario.</p> <p>INSTRUMENTOS: Unha “écoute” ou exercicio de comprensión oral mediante cuestionario.</p> <p>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula .</p>	CCL, CAA, CSC, CCEC
SLE-B1.5	4º-SLEB1.5 – Comprende, nunha conversa informal na que participa, descripcións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Proba pechada (50% do valor da proba).	X	X	X	<p>PROCEDEMENTO: Exposición oral. Traballo en grupo.</p> <p>INSTRUMENTOS: Control oral: “Jeu de rôles” por parellas ou co profesor.</p> <p>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula .</p>	CCL, CAA, CSC, CCEC
	4º-SLEB1.6 – Identifica a información esencial de						

SLE-B1.6	programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predecibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.	Proba pechada (50% do valor da proba).	X	X	X	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> Comprensión oral: Cuestionario. Traballo individual.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Cuestionario de comprensión oral.</p> <p>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula .</p>	CCL, CAA, CSC, CD,C CEC
----------	--	--	---	---	---	---	-------------------------------------

#### Bloque 2: Producción de textos orais

SLE-B2.1	4º-SLEB2.1 – Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.	Rúbrica EO (a metade do valor total desta rúbrica)	X	X	X	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> Observación do traballo na aula. Traballo en equipo.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Control oral. Rúbrica EO.</p> <p>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.</p>	CCL, CAA, CSC, CCEC
SLE-B2.2	4º-SLEB2.2 – Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo		X	X	X	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> Intercambios orais cos alumnos/as. Traballo en grupo.</p>	CCL, CAA,

	opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade convxunta, facéndose comprender áinda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	Rúbrica EO (a metade do valor total desta rúbrica)				INSTRUMENTOS: Asamblea. Rúbrica EO.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CSC, CD,C CEC
SLE-B2.3	4º-SLEB2.3 – Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender áinda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	Rúbrica EO (a metade do valor total desta rúbrica)	X	X	X	PROCEDIMENTOS: Exposición oral. Traballo en grupo.  INSTRUMENTOS: Observación dos pequenos diálogos cos compañeiros. Rúbrica EO.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CCL, CAA, CSC, CD,C CEC
SLE-B2.4	4º-SLEB2.4 – Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas	Rúbrica EO (a metade do valor total desta rúbrica)	X	X	X	PROCEDIMENTOS: Exposición oral. Traballo en grupo.  INSTRUMENTOS: Observación dos pequenos diálogos cos compañeiros. Rúbrica EO.	CCL, CAA, CSC, CD,C CEC

	habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.					A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	
--	---	--	--	--	--	---	--

### Bloque 3: Comprensión de textos escritos

SLE-B3.1	4º-SLEB3.1 – Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.	Proba pechada (50% do valor da proba).	X	X	X	<b>PROCEDIMENTOS:</b> Comprensión lectora. Traballo individual.  <b>INSTRUMENTOS:</b> Exercicios de comprensión escrita dos textos traballados. Proba de comprensión escrita.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CCL, CAA, CSC, CD,C CEC
SLE-B3.2	4º-SLEB3.2 – Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.	Proba pechada (50% do valor da proba).	X	X	X	<b>PROCEDIMENTOS:</b> Comprensión lectora Traballo individual.  <b>INSTRUMENTOS:</b> Proba de comprensión escrita.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CCL, CAA, CSC, CD,C DEC
SLE-B3.3	4º-SLEB3.3 – Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si	Proba pechada (50% do valor da proba).	X	X	X	<b>PROCEDIMENTOS:</b> Comprensión lectora. Traballo individual e/ou en grupo.	CCL, CAA, CSC. CCEC

	mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.				INSTRUMENTOS: Lectura de correspondencia con posibles colexios franceses.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula		
SLE-B3.4	4º-SLEB3.4 – Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).	Proba pechada (50% do valor da proba).	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Comprensión lectora. Traballo individual.  INSTRUMENTOS: Control de comprensión escrita.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CCL, CAA, CSC, CCEC
SLE-B3.4	4º-SLEB3.5 – Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíceis.	Proba pechada (50% do valor da proba).	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Comprensión lectora. Traballo individual.  INSTRUMENTOS: Control mediante un cuestionario.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CCL, CAA, CSC, CD,C CEC

#### Bloque 4: Producción de textos escritos

SLE-B4.1	4º-SLEB4.1 – Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con				PROCEDEMENTOS: Producción textual. Traballo individual.  INSTRUMENTOS: Producción escrita de correspondencia con	
----------	---	--	--	--	--	--

	amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo	Rúbrica EE (a metade do valor total desta rúbrica)				alumnos dun posible colexio francés. Rúbrica EE.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CSC, CCEC
SLE-B4.2	4º-SLEB4.2 – Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).	Rúbrica EE (a metade do valor total desta rúbrica)	X	X	X	PROCEDIMENTOS: Uso de cuestionarios. Producción escrita. Traballo individual.  INSTRUMENTOS: Proba escrita (cuestionario). Rúbrica EE.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CCL, CAA, CSC, CD,C CEC
SLE-B4.3	4º-SLEB4.3 – Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía más importantes.	Rúbrica EE (a metade do valor total desta rúbrica)	X	X	X	PROCEDIMENTOS: Producción escrita. Traballo individual e en grupo.  INSTRUMENTOS: Textos escritos. Rúbrica EE.  A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.	CCL, CAA, CSC, CD,C CEC

SLE-B4.4	4º-SLEB4.4 – Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpia e ordenada.	Rúbrica EE (a metade do valor total desta rúbrica)	X	X	X	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Proba escrita. Rúbrica EE.</p> <p>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula.</p>	CCL, CAA, CSC, CD,C CEC
----------	---	--	---	---	---	--	-------------------------------------

#### Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

SLE-B5.1	4º-SLEB5.1 – Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	Rúbrica EO (a metade do valor desta rúbrica)	X	X	X	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> Observación por parte do profesor na aula. Lectura en voz alta. Traballo individual.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Proba oral. Rúbrica EO.</p>	CCL, CAA CD,C CEC
SLE-B5.2	4º-SLEB5.2 – Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamiento, etc.), e amosa respecto e interese polas	Rúbricas EO e EE (a metade do valor destas rúbricas).	X	X	X	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> Exposición oral e escrita. Traballo individual.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Proba obxectiva. Rúbrica EO e EE.</p>	CCL, CAA, CSC, CD, CCEC

	diferenzas culturais que poidan existir.						
SLE-B5.3	4º-SLEB5.3 – Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de producción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Rúbrica CAA (a metade do valor desta rúbrica).	X	X	X	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> Observación sistemática por parte do profesor. Traballo individual.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Proba obxectiva. Rúbrica (CAA).</p>	CCL, CAA, CSC, CCEC
SLE-B5.4	4º-SLEB5.4 – Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Rúbrica Traballo en equipo (a metade do valor desta rúbrica).	X	X	X	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> Traballo en equipo.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Rúbrica CSC</p>	CCL, CAA, CSC, CD, CCEC CSIEE
SLE-B5.5	4º-SLEB5.5 – Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando	Rúbrica EE (a metade do valor desta rúbrica).	X	X	X	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b> Producción textual. Traballo individual.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Proba escrita. Rúbrica EE.</p>	CCL, CAA, CSC, CCEC

adequadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.						
---	--	--	--	--	--	--

## 5. CONCRECÍONS METODOLÓXICAS

Conforme o establecido na Lei Orgánica 8/2013, empregaremos unha metodoloxía centrada no alumnado, que lle permita unha aprendizaxe progresiva e en espiral, activa, dinámica e participativa, fomentando, xa que logo, a interacción entre o alumnado e entre este e o profesor. A participación valorarase moi positivamente e terase moi en conta na avaliación.

**En caso de ensino non presencial esa participación terá que verse reflexada na actividade da AULA VIRTUAL e no contacto telemático coa profesora, así como na asistencia ás videoconferencias**

As situacíons de comunicación real, ou simuladas, serán o eixo das actividades de aula e a imitación será un recurso na iniciación do proceso de aprendizaxe, dando paso a máis autonomía nas producións segundo avance a súa formación. Por outra banda, malia que se traballarán todos os bloques de forma case paralela, partiremos nun inicio do oral e logo chegaremos ao escrito, de xeito que se traballará a aprendizaxe dedutiva e o sentido crítico.

O traballo estruturarase fundamentalmente por tarefas e/ou pequenos proxectos contextualizados, que se desenvolverán tanto individualmente, desde a perspectiva do grupo/clase, como a través de variedade de agrupamentos e/ou parellas, de xeito que se favorece en todo momento o traballo cooperativo e a inclusión do alumnado dentro grupo de aula, así como a devandita metodoloxía activa e en espiral, o pensamento crítico e a independencia do alumno no proceso de aprendizaxe. Alén diso, trataremos de facer que en todo momento que o erro ou temor ao ridículo desaparezan do contexto da aula, conseguindo así lograr unha maior autoestima e seguridade nos alumnos.

**Estas mesmas tarefas se realizarán desde as casas servíndose das TIC, para a elaboración de documentos sonoros e gráficos en caso de longas ausencias xustificadas.** Neste contexto, incluiranse actividades que estimulen o interese e o hábito pola lectura, a práctica da expresión escrita para comunicarse co seu grupo clase e avogarase pola autonomía na aprendizaxe, a capacidade de aprender por si mesmo.

Neste contexto, proporcionaráselle continuamente información ao alumnado sobre o momento do proceso de aprendizaxe no que se atopa, aclarándolle os obxectivos que debe conseguir, facéndolle tomar conciencia das súas posibilidades e das dificultades que debe superar.

Terase en conta as peculiaridades de cada alumno/a e, en concreto os ritmos de aprendizaxe para adaptar os métodos e os recursos a cada situación persoal.

**Favorecerase a interacción alumno-profesor e alumno-alumno para a adquisición de contidos de compoñente cultural e social**

### **I. PROGRESIÓN DOS CONTIDOS SEGUNDO O MERCL.**

O desenvolvemento progresivo da competencia comunicativa supón que o alumno sexa quen de desenvolver unha serie de tarefas de comunicación, segundo o Marco de referencia común europeo para a aprendizaxe das linguas estranxeiras.

Conscientes de que é necesario volver sobre os contidos para que se produza unha verdadeira aprendizaxe, óptase por unha progresión en espiral que facilite a memorización a través da reutilización de contidos dentro dun equilibrio entre o xa aprendido e os contidos novos.

### **II. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS (BLOQUE 1)**

A lingua oral preséntase en situación, na súa maioría filtrada polos niveis A1 e A2 (pero gardando as regras esenciais da comunicación) e cada vez máis auténtico a medida que se pasa dun nivel ao outro.

Unhas curtas gravacións semi-auténticas en situacións reais permiten un comezo de aproximación á lingua oral auténtica desde os primeiros niveis.

Numerosos exercicios de comprensión, actividades orais, xogos, exercicios de memorización completan o traballo sobre a lingua oral.

### **III. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS (BLOQUE 3)**

Os textos de lectura son semi-auténticos ou auténticos e están acompañados dunha presentación de estratexias de comprensión escrita. Empregaremos textos auténticos de tipoloxía variada: textos descriptivos, argumentativos, prescritivos, informativos, publicitarios, dialóxicos... extraídos de diversos medios (páxinas web, xornais...).

### **IV. PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS E ESCRITOS (BLOQUES 2 E 4)**

Traballaremos actos de fala propios de diversos tipos de situacións comunicativas:

- Unhas situacións de comunicación próximas á vida real dos adolescentes de hoxe e aos seus intereses, o que os conducirá a falar ou escribir deles, dos seus costumes, da súa vida, das súas opinións e dos seus sentimentos.
- Unhas situacións reais de comunicación no colexio para xestionar as actividades no grupo-clase co profesor ou nos subgrupos.
- Unhas situacións imaxinarias, curiosas ou cómicas que incitan a comezar a falar ou a escribir.

A fonética está tratada de forma sistemática, conducindo á percepción dos fonemas más difíciles - sons vocálicos e consonánticos- e facilita a discriminación de sons próximos en frases humorísticas ou en trabalinguas. O ritmo e as entoacións trabállanse ao longo das memorizacións dos textos propostos nas leccións.

## **V. COÑECIMENTO DA LÍNGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE: ELEMENTOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS E LÉXICOS (BLOQUE 5)**

A gramática presentada é unha gramática funcional: os feitos de gramática están sempre presentados en situación a partir de mensaxes, de entrevistas, de xogos, de mini-relatos.

A gramática da lingua oral e a gramática da lingua escrita están diferenciadas para que o alumno teña consciencia do específico de cada código.

Os exercicios de gramática propoñen uns procedementos de reflexión indutiva e comparativa. As comparacións teñen prioridade tanto na lingua francesa coma nas linguas xa coñecidas polos alumnado.

Hai unha achega importante de vocabulario. Trátase de vocabulario esencial pero tamén de vocabulario « transparente » ou universal que será facilmente entendido en situación, e permitirá avanzar e presentar uns textos e unhas situacións más reais e motivadores.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O traballo na materia de Francés desenvolverase utilizando os seguintes materiais e recursos:

### 1. Libro do alumno:

- 2º ESO: *Parachute 2, livre de l'élève e cahier d'exercices* Ed. Santillana. ISBN: 978-84-9049-089-1 e 978-84-9049-095-2
- 4º ESO: *Parachute 4, livre de l'élève*, Ed. Santillana. ISBN: 978-84-9049-187-4

O grupo de 4º ESO non empregarán caderno de exercicios da editorial (*Cahier d'exercices*), senón que a profesora aportará un dosier de exercicios que se poderán adquirir en Conserxería ou ben serán expostos na Aula Virtual.

2. **Medios informáticos.** Faremos uso das TIC para afianzar o estudo e aprendido na aula e contribuír á adquisición da competencia dixital mediante o uso do libro dixital, de páxinas web francófonas, chats, foros, correo electrónico, blogs, DVD, xogos en rede. Alén diso, na aula onde se imparten as clases hai un ordenador con conexión á rede.

Desde o domicilio interactuarán coa Aula Virtual. Uso dos recursos Abalar axeitados a cada nivel.

Uso das múltiples páxinas web interactivas para a aprendizaxe do francés.

3. **Medios audiovisuais.** A aula de clase ten instalado un proxector conectado ao ordenador. Nela poderemos proxeclar películas, anuncios, reportaxes, cancións e conectarnos á Internet para ler telexornais francófonos, mapas do tempo, visualizar webs en francés, etc. **A Internet será o recurso imprescindible para acceder á información francófona en caso de ensino non presencial.**

4. **Material elaborado polo profesorado:** cadernos de fichas, xogos, cartelaría ...

En xeral a nosa intención é empregar uns materiais variados, sempre adaptados aos intereses e características dos alumnos. Tal e como indicamos no capítulo dedicado a avaliación, os contidos

establecidos nesta programación non soamente se desenvolverán co libro de texto de referencia, senón tamén con estes materiais.

En caso de ensino non presencial por mor de longas ausencias debidamente xustificadas polo alumnado estes materiais achegánselle ao alumnado por medio da Aula Virtual en diferentes formatos e tarefas ( PDF, WORD, enlaces, vídeos).

**Os medios informáticos desempeñarán un papel primordial: uso da Aula Virtual, Recursos Abalar, intercambio de correos electrónicos co alumnado e as familias, uso do Espazo Abalar.**

Como a lectura constitúe un factor esencial para o desenvolvemento das competencias básicas (aínda que o desenvolvemento da capacidade lectora está ligada á nosa materia, por tratarse dunha competencia lingüística), ao carón das actividades lectoras usuais da clase, imos propoñer unha serie de textos e actividades

En 2º da ESO, dado que os alumnos están familiarizándose coa lingua, os textos propostos para a lectura serán documentos ficticios ou semi-auténticos (cartas postais, folletos turísticos, textos publicitarios de viaxes, videos...).

En 4º da ESO imos traballar con documentos auténticos ou semi-auténticos, máis complexos e extensos.

**Estas lecturas deberán ser más atractivas para o alumnado en caso de non asistir as aulas, polo que se proporán todos os xéneros propios para adolescentes coa temática axeitada aos seus gustos e accesibles a través dos medios informáticos cos que o alumnado estea familiarizado.**

## **7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

### **I. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

En todas as evaluacións traballaranse os cinco bloques aos que van asociados determinados estándares de aprendizaxe, con diferentes procedementos e instrumentos de evaluación. Traballarase co sistema de evaluación continua polo que, inicialmente, non se contemplan exames de recuperación por evaluacións.

Os procedementos e instrumentos de evaluación están detallados por curso e estándar de aprendizaxe no **punto 4** desta Programación . **Algunhas puntualizacións sobre estes instrumentos:**

Ante a posibilidade de **que o alumnado non puidese asistir ás aulas ou ás probas obxectivas por motivos debidamente xustificados**, a progresión de cada alumno/a será avaliada pola realización de tarefas semanais relacionadas co traballado na aula ou con tarefas de autoaprendizaxe e investigación. Estas tarefas serán de acceso ao alumnado mediante a Aula Virtual do Centro, ou por medio do correo electrónico persoal, se así é conveniente para o alumno. Cada tarefa será cualificada de 1 a 10, tendo en conta os seguintes criterios:

- O prazo de presentación
- A forma
- A comprensión da consigna proposta.
- A expresión acorde ao nivel.
- A corrección dos contidos léxicos discursivos acordes ao nivel.

**Se o curso se desenvolve dentro da normalidade**, os instrumentos de evaluación cos que se obtería o 80% da nota serían as probas obxectivas.

Estas **probas obxectivas** faríanse por trimestre, tantas probas escritas como unidades sexan impartidas (bloques I, III, IV e V) e unha proba de producción oral (bloque II) . As probas constarán de diferentes exercicios prácticos (orais ou escritos) nas que se avaliarán os coñecementos da lingua (gramática, vocabulario, redacción), comprensión de texto, unha proba de producción oral e unha proba

de comprensión oral, atendendo ao establecido no **punto 4** e aplicando os estándares de diferentes bloques. Todas estas probas puntúanse sobre 10 e farán media para obter a nota final que é o 80% da nota do trimestre.

Debido a que os estándares de aprendizaxe que temos que avaliar son globais e se traballan nas 3 evaluacións, os contidos impartidos nunha evaluación poden ser obxecto de exame en probas posteriores.

Indicarase a puntuación que se obtén por cada exercicio correctamente feito segundo o grao mínimo de consecución e, se procede, a rúbrica correspondente. Como é lóxico, penalizarase ao alumno que durante a proba empregue na súa axuda materiais non autorizados polo profesorado ou se aproveite do traballo dos compañeiros. A penalización será proporcional á falta. Como norma xeral anúllase a pregunta na que obtivera axuda “extra”. No caso de non podela identificar, baixarase un mínimo dun punto sobre a nota dese exame e se recollerá inmediatamente a proba. Se se demostra que o alumno copiou toda a proba ou gran parte dela, se lle anulará o exame, sen posibilidade de repetilo ata que se realice a proba correspondente á seguinte unidade.

Se fose a producirse unha falta de asistencia xustificada e previsible coincidente coa proba, o alumno ou os seus proxenitores/titulares legais, deberán poñerse en contacto coa docente da materia para fixar outra data. Se non puidese realizar as probas obxectivas por motivos xustificados, obteríase a nota da evaluación facendo a media coas cualificacións obtidas polas tarefas entregadas ou enviadas á Aula Virtual ou ao correo da docente e rexistradas no caderno de aula da docente, no modo que se especifica arriba..

Respecto ao **Caderno de aula**: a docente terá unha ficha individualizada do alumnado en que se reflectirá a observación cotiá da aula, as tarefas que enviou así como o seu grao de consecución e corrección. É importante remarcar que non soamente as actividades realizadas o día marcado para proba obxectiva serán cualificadas, senón que se cualificarán tamén as actividades da clase. Avaliarase **o traballo tanto dentro coma fóra da aula que será o 20% da nota global** e será recollido neste caderno de aula pola docente, seguindo os criterios expostos arriba.

**De realizar probas obxectivas , a cualificación da evaluación será o resultado do 20% da observación directa e tarefas enviadas ( reflexado no Caderno de aula da docente) más o 80% da proba obxectiva.**

As actividades dos bloques de expresión escrita e expresión oral serán **avaliada coa rúbrica** correspondente. As probas de comprensión oral e escrita serán avaliadas mediante **cuestionarios**, **preguntas abertas** sobre os documentos e **preguntas de verdadeiro ou falso**

## II. RÚBRICAS PARA AVALIAR OS PERFÍS COMPETENCIAIS

### A. RÚBRICA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: EXPRESIÓN ESCRITA ( 2º ESO, NIVEL A1)

<b>Respecto da consigna:</b> comprende e desenvolve o tema proposto. Respecta o número de liñas esixido.	0	0,5	1	1,5	2
<b>Limpeza e claridade:</b> os textos son lexibles, claros, a presentación é ordenada e limpia e átense ao formato esixido.	0	0,5	1	1,5	2
<b>Capacidade de presentar feitos ou ideas:</b> pode escribir frases para facer descripcións sinxelas, falar de si mesmo, dar información, pedir algo.	0	0,5	1	1,5	2
<b>Coherencia e cohesión:</b> pode ligar os elementos simples do discurso de maneira eficaz, empregando a puntuación e os conectores básicos (et, parce que)	0	0,5	1	1,5	2
<b>Vocabulario:</b> coñece e sabe empregar un repertorio limitado de vocabulario.	0	0,5	1	1,5	2
<b>Ortografía:</b> puntúa axeitadamente. Pode ortografiar a maioría do léxico de maneira que sexa comprensible.	0	0,5	1	1,5	2
<b>Elaboración sintáctica:</b> pode emplegar estruturas simples, moi traballadas previamente.	0	0,5	1	1,5	2
<b>Morfosintaxe e ortografía gramatical:</b> fai as concordancias en xénero e número, suxeito e verbo...	0	0,5	1	1,5	2
<b>Corrección sociolingüística:</b> pode emplegar as fórmulas de cortesía básicas ligadas ao contexto (tu/vous, saúdos, despedidas...)	0	0,5	1	1,5	2
<b>Orixinalidade:</b> pese a basearse en modelos más o menos repetitivos, amosa creatividade no discurso.	0	0,5	1	1,5	2

/20

### B. RÚBRICA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: EXPRESIÓN ESCRITA ( 4º ESO, NIVEL A2)

<b>Respecto da consigna:</b> o contido é axeitado ao tema proposto. Respecta o número de liñas esixido.	0	0,5	1	1,5	2
<b>Capacidade de presentar feitos ou ideas e orixinalidade:</b> pode describir eventos, experiencias, dar información, facer solicitudes, expresar unha opinión.	0	0,5	1	1,5	2
<b>Limpeza e claridade:</b> os textos son lexibles, claros, a presentación é ordenada e limpia e átense ao formato esixido.	0	0,5	1	1,5	2
<b>Coherencia e cohesión:</b> pode ligar os elementos simples do discurso de maneira eficaz, empregando os recursos lingüísticos axeitados. O discurso é ordenado do punto de vista semántico.	0	0,5	1	1,5	2
<b>Vocabulario:</b> posúe o vocabulario suficiente para expresarse sobre o temas cotiás, empregando perifrases se é necesario.	0	0,5	1	1,5	2
<b>Ortografía:</b> a ortografía léxica e a puntuación son correctas, exceptuando a acentuación, na que pode ter algún erro.	0	0,5	1	1,5	2
<b>Elaboración sintáctica:</b> domina a estrutura da frase simple e certas estruturas de frase complexa (coordinación e frases relativas)	0	0,5	1	1,5	2
<b>Tempos e modos verbais:</b> emprega o tempo verbal apropiado.	0	0,5	1	1,5	2
<b>Morfosintaxe e ortografía gramatical:</b> fai as concordancias en xénero e número, suxeito e verbo...	0	0,5	1	1,5	2
<b>Corrección sociolingüística:</b> pode emplegar o rexistro axeitado ao destinatario e ao contexto.	0	0,5	1	1,5	2

/20

### C. RÚBRICA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: EXPRESIÓN ORAL (2º ESO, NIVEL A1)

Capacidade de presentar feitos ou ideas e orixinalidade:: pode facer descripcións sinxelas, falar de si mesmo e do seu entorno, establecer contacto social, pedir algo, comprender e dar instrucións... Engade algún elemento orixinal aos modelos traballados sistematicamente	0	0,5	1	1,5	2	2,5	3
<b>Coherencia, cohesión, fluidez e respecto das consignas:</b> O discurso é ordenado do punto de vista semántico. A comunicación é efectiva a pesar de interrupcións e titubeos. Desenvolve o discurso no tempo esixido.	0	0,5	1	1,5	2	2,5	3
<b>Vocabulario e adecuación sociolingüística:</b> Pode empregar un repertorio léxico limitado referente a situación cotiás, e expresión traballadas previamente. Emprega as fórmulas de cortesía básicas (merci, s'il vous plaît, saúdos, tu/vous)	0	0,5	1	1,5	2	2,5	3
<b>Morfosintaxe:</b> pode empregar estruturas gramaticais moi simples previamente traballadas. O sentido xeral é claro aínda que existan errores sintácticos.	0	0,5	1	1,5	2	2,5	3
<b>Dominio da fonética:</b> pode expresarse de maneira comprensible, aínda que non domina o sistema fonolóxico. Ten en conta algunas regras básicas (letras finais mudas, entoación)	0	0,5	1	1,5	2	2,5	3

/15

### D. RÚBRICA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: EXPRESIÓN ORAL (4º ESO, NIVEL A2)

Capacidade de presentar feitos ou ideas e orixinalidade:: pode describir eventos, experiencias, dar información, facer solicitudes, expresar unha opinión...Amosa creatividade no desenvolvemento dos contidos e a posta en escena.	0	0,5	1	1,5	2	2,5	3
<b>Coherencia, cohesión, fluidez e respecto das consignas:</b> O discurso é ordenado do punto de vista semántico. Aínda que hai titubeos, en xeral o discurso non se interrompe e a comunicación é efectiva. Desenvolve o discurso no tempo esixido.	0	0,5	1	1,5	2	2,5	3
<b>Vocabulario e adecuación sociolingüística:</b> posúe o vocabulario suficiente para expresarse sobre temas cotiás, empregando perifrasis se é necesario. Emprega o rexistro axeitado ao contexto.	0	0,5	1	1,5	2	2,5	3
<b>Morfosintaxe:</b> pode empregar estruturas gramaticais simples. O sentido xeral é claro aínda que existan errores sintácticos, verbais, de concordancia.	0	0,5	1	1,5	2	2,5	3
<b>Dominio da fonética:</b> pode expresarse de maneira suficientemente clara, aínda que o interlocutor deba solicitar alguma repetición.	0	0,5	1	1,5	2	2,5	3

/15

## **E. RÚBRICA APRENDER A APRENDER**

0                    0,2                    0,4                    0,5

	<b>NIVEL 0</b>	<b>NIVEL 1</b>	<b>NIVEL 2</b>	<b>NIVEL 3</b>	<b>TOTAL</b>
<b>CONTROL E XESTIÓN DA PROPIA APRENDIZAXE</b> Conciencia das capacidades de aprendizaxe: atención, concentración, memoria, comprensión e expresión.	Non coñece as súas capacidades de aprendizaxe e/ou atribúe os seus fracasos a factores externos.	Recoñece unicamente algunas das súas capacidades de aprendizaxe.	É consciente das súas capacidades de aprendizaxe, mais non as distingue en situación concretas.	É quen de identificar en que medida as súas capacidades de aprendizaxe inflúen nos seus éxitos ou fracasos .	
<b>RESPONSABILIDADE</b> Adquirir compromisos persoais sendo perseverante na aprendizaxe e ao mesmo tempo acadar confianza en si mesmo	Non manifesta interese en mellorar a súa aprendizaxe e non cre nas súas propias capacidades para aprender.	Amosa interese en mellorar as súas capacidades de aprendizaxe, mais non persevera. Esfórzase en aprender non ter confianza nas súas capacidades.	É perseverante na súa responsabilidade de mellorar algunha das súas capacidades de aprendizaxe a curto prazo e manifesta interese nalgúns aspectos da súa aprendizaxe.	Potencia as súas capacidades de aprendizaxe e comprométense en superar as deficiencias con perseveranza. Interese e curiosidade para ampliar os seus coñecementos.	
<b>HABILIDADE PARA XESTIONAR O TEMPO DE MANEIRA EFECTIVA.</b> Planear e organizar actividades e tempos. Administrar o esforzo, autoavalíarse e autorregularse.	Non planea nin organiza as súas actividades e non é responsable co uso da axenda. Limítase a levar a termo as actividades que non lle requiren esforzo.	Utiliza a axenda como instrumento de plantexamento de xeito ocasional. Leva a termo por si mesmo as actividades urxentes.	Planea as súas tarefas coa axenda, mais non organiza axeitadamente o tempo preciso. Prioriza a importancia das actividades, mais non administra axeitadamente o esforzo e non é quen de mudar o seu plantexamento	Sérvese da axenda e/ou un horario semanal para planear e organizar as súas actividades a curto, medio e longo prazo. Prioriza as actividades segundo a importancia e o esforzo que lle requiren.	
<b>PENSAMENTO CRÍTICO-CREATIVO E METACOGNICIÓN.</b> Toma de decisión sobre a propia aprendizaxe	Non toma decisións sobre a propia aprendizaxe.	Non é quen de atopar alternativas para mellorar a súa aprendizaxe.	Toma decisións sobre a propia aprendizaxe, mais non avalía as súas consecuencias.	Toma decisións sobre a propia aprendizaxe, avaliando as consecuencias.	

## **F. RÚBRICA COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA**

0                    0,2                    0,4                    0,5

	<b>NIVEL 0</b>	<b>NIVEL 1</b>	<b>NIVEL 2</b>	<b>NIVEL 3</b>	<b>TOTAL</b>
<b>RESPECTO E TOLERANCIA</b>	Non escucha, non comparte nin apoia o traballo dos outros	As veces escucha, comparte e apoia o traballo dos outros	Xeralmente escucha, comparte e apoia o traballo dos outros	Sempre escucha, comparte e apoia o traballo dos otros	
<b>INTEGRACIÓN NO GRUPO</b>	Non participa	Apenas participa	Participa bastante	Participa totalmente	
<b>APORTACIÓN PERSONAL</b>	Non entrega o seu traballo	Entregou unha pequena parte do seu traballo con necesidade de seguimiento	Entregou gran parte do seu traballo con necesidade de seguimiento	Entregou todo o seu traballo a tempo e sen seguimiento	
<b>MOTIVACIÓN</b>	Non promove a cooperación e participación entre os membros do grupo	Poucas veces promove a cooperación e participación entre os membros do grupo	Case sempre promove a cooperación e participación entre os membros do grupo	Sempre promove a cooperación e participación entre os membros do grupo	

## **G. RÚBRICA COMPETENCIA DIXITAL**

<b>ADECUACIÓN Á CONSIGNA</b> Respecta as instrucións da tarefa: - Desenvolvemento adecuado de todos os <b>ítems</b> da actividade. - Entrega conforme a <b>prazo, formato e soporte</b> .	<b>0</b>	<b>0,2</b>	<b>0,4</b>	<b>0,5</b>
<b>AUTONOMÍA USO RESPONSABLE</b> - Amosa <b>autonomía</b> respecto do manexo das TIC, incorpora o seu uso ao proceso de aprendizaxe con facilidade e integrándoas de xeito efectivo na materia. - Fai un <b>uso responsable e respectuoso</b> do material informático, respectando as instrucións de uso e explotación do mesmo.	<b>0</b>	<b>0,2</b>	<b>0,4</b>	<b>0,5</b>

## **H. CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAIS**

<b>CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAIS</b>	<b>CUALIFICACIÓN</b>				
<b>INDICADORES</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>8</b>	<b>10</b>
Identifica algúns elementos culturais propios dos países e culturas onde se fala a lingua estranxeira					
Amosa valores de iniciativa, creatividade e imaxinación,					
Aprecia, goza e participa das actividades relacionadas coas biografías de personaxes famosos e interesantes para a súa idade					

## **I. SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR**

<b>SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR</b>	<b>CUALIFICACIÓN</b>				
<b>INDICADORES</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>8</b>	<b>10</b>
Utiliza o coñecemento dalgúns aspectos formais do código da lingua estranxeira ( morfoloxía, sintaxe e fonoloxía) en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autocorrección das producións propias para comprender mellor as alleas.					
Utiliza procesos de autoavaliación					
Comunícase oralmente ao participar en conversacións e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente					

### **III. CUALIFICACIÓN**

A modo de resumo, engadimos o cadro que recolle a modificación segundo a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. Este cadro é válido para os dous niveis (2º e 4º)

<b>1. Criterios sobre a avaliación e cualificación</b>	
<b>1ª Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 1ª avaliação:</b> A nota final de cada avaliação supón a suma do 80% das probas obxectivas máis o 20% da observación directa. As probas obxectivas teñen o seguinte peso con respecto a cada Bloque de estándares asociados a ás competencias clave:</p> <p>Bloque 1: Comprensión oral: 20%</p> <p>Bloque 2: Expresión oral: 15%</p> <p>Bloque 3: Comprensión escrita: 20%</p> <p>Bloque 4: Expresión escrita: 20%</p> <p>Bloque 5: Coñecemento da lingua: 25%</p>
<b>2ª Avaliación</b>	<p><b>Procedemento de recuperación da 1ª avaliação:</b> Non hai recuperación mediante proba obxectiva específica xa que a avaliação é continua e progresiva.</p> <p><b>Cálculo da nota da 2ª avaliação:</b> A nota final de cada avaliação supón a suma do 80% das probas obxectivas máis o 20% da observación directa. As probas obxectivas teñen o seguinte peso con respecto a cada Bloque de estándares asociados ás competencias clave:</p> <p>Bloque 1: Comprensión oral: 20%</p> <p>Bloque 2: Expresión oral: 15%</p> <p>Bloque 3: Comprensión escrita: 20%</p> <p>Bloque 4: Expresión escrita: 20%</p> <p>Bloque 5: Coñecemento da lingua: 25%</p>

<b>3ª Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 3ª avaliación:</b></p> <p>A nota final de cada avaliación supón a suma do 80% das probas obxectivas máis o 20% da observación directa. As probas obxectivas teñen o seguinte peso con respecto a cada Bloque de estándares asociados ás competencias clave:</p> <p>Bloque 1: Comprensión oral: 20%</p> <p>Bloque 2: Expresión oral: 15%</p> <p>Bloque 3: Comprensión escrita: 20%</p> <p>Bloque 4: Expresión escrita: 20%</p> <p>Bloque 5: Coñecemento da lingua: 25%</p> <p><b>Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:</b></p> <p>A recuperación da 3ª consistirá nas mesmas probas obxectiva semellantes as das avaliación anteriores.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Cálculo para obter a cualificación final de curso:</b></p> <p>A avaliación é continua e progresiva polo que o alumnado ten a posibilidade de recuperar os contidos que non superara en avaliacións anteriores ata a última proba que se realice en xuño.</p> <p>A cualificación final será o resultado da suma do 20% da 1ª avaliación máis o 20% da 2ª máis o 60% da 3ª avaliación ou da recuperación, se se dese o caso, da 3ª avaliación. Cando este resultado sexa inferior ao resultado acadado na 3ª avaliación, ou na suposta recuperación, conservarase a nota máis alta e favorable para o alumnado.</p> <p>O alumnado que, aínda tendo a 3ª avaliación aprobada, desexe repetir a proba co fin de subir nota, poderá facelo. De acadar un resultado inferior ao resultado da media ponderada, conservarase o resultado máis alto.</p> <p>O resultado final redondearase á alza a partir das 6 décimas.</p>

Polo tanto, en **2º e 4º curso de ESO** os criterios de cualificación do alumnado en cada unha das tres evaluacións (1<sup>a</sup>, 2<sup>a</sup> e 3<sup>a</sup>), atendendo aos bloques de estándares, son como aparecen recollidos na seguinte táboa:

GRUPO DE EA	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
BLOQUE 1 CO	20%
BLOQUE 2 EO	15%
BLOQUE 3 CE	20%
BLOQUE 4 EE	20%
BLOQUE 5	25%
CUALIFICACIÓN TOTAL	<b>100%</b>

A nota numérica **de cada evaluación** será o 80% da media das cualificaciones das probas obxectivas calculadas en base a esta táboa. O 20% restante será obtido en base á realización de tarefas na aula ou na casa e que estará reflexado nas fichas individuais do alumnado no Caderno de Aula da docente

A cualificación **final** será:

Nota da 1 <sup>a</sup> evaluación:	<b>20%</b>
Nota da 2 <sup>a</sup> evaluación:	<b>20%</b>
Nota da 3 <sup>a</sup> evaluación:	<b>60%</b>

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN CASO DE DOCENCIA NON PRESENCIAL

**A nota de cada evaluación será a obtida mediante os criterios seguintes:**

- Realización das tarefas encomendadas en forma e prazo: 50%
- Seguimento da actividade docente ( asistencia ás aulas telemáticas, participación, interese): 30%
- Probas (formularios online, gravacións para verificar a expresión oral, producións escritas...) : 20%

**A nota da evaluación final para o alumnado que non asistise de forma presencial seguirá os mesmos criterios e porcentaxes que os expresados na táboa de evaluación final para o ensino presencial.**

Para medir o grado de consecución de cada competencia clave, a Comisión Pedagóxica do centro consensuará un marco común que estableza o peso da porcentaxe da cualificación obtida en cada materia para o cálculo da avaliación de cada unha das competencias. Para a materia de 2ª lingua estranxeira Francés, proponese a seguinte descompostura:

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE FRANCÉS	PERFIL DE COMPETENCIA							
	COMPETENCIAS CLAVE							
	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	TOTAL
Nº de EEA 2º ESO	22	0	19	22	0	3	20	86
PORCENTAXE CORRESPONDENTE	26		22	26		3	23	100%
Nº de EEA 4º ESO	24	0	14	24	24	1	24	111
PORCENTAXE CORRESPONDENTE	22		12	22	21	1	22	100%

#### **IV. RECUPERACIÓN**

Non haberá, en principio, probas de recuperación, xa que polo sistema de cualificación empregado, que responde ao feito de que se trata dunha materia de contidos progresivos, o alumnado praticamente pode superar a avaliación final superando a terceira. Porén, e se o docente o considera oportuno polas características do alumnado ou pola marcha do curso, pode facer unha proba final de recuperación no mes de xuño, que en ningún caso será de obrigada realización por parte do alumnado con avaliación negativa. Volvemos subliñar que a realización destas probas queda a criterio do docente, sen que sexa imperativa a súa realización en todos os grupos aos que imparte clase.

A modo de resumo, engadimos o cadro que recolle a modificación segundo a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. Este cadro é válido para os dous niveis (2º e 4º)

#### **Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliação e a avaliação final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)**

<b>Metodoloxía</b>	Continuaremos a empregar unha metodoloxía centrada no alumnado, que lle permita unha aprendizaxe progresiva e en espiral, activa, dinámica e participativa, fomentando a interacción entre o alumnado e entre este e o profesor. A participación, o traballo colaborativo e por parellas nas 4 destrezas, onde se desbote o medo ao erro e ao ridículo para favorecer a autoestima, valorarase positivamente na avaliación.
<b>Actividades tipo</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Actividades de reforzo para os que non obtiveran unha 3ª avaliação positiva.</li><li>➤ Actividades de ampliación para o alumnado coa 3ª avaliação positiva:<ul style="list-style-type: none"><li>● Colaboración co resto do alumnado para consolidar elementos léxicos discursivos e aplicalos a situacións comunicativas.</li><li>● Traballos de investigación sobre temas socioculturais.</li><li>● Escoitas de documentos auténticos (vídeos divulgativos, telexornais, etc.)</li><li>● Preparación de diálogos que imiten conversas en situacións próximas á vida real.</li><li>● Elaboración de diversos tipos de correspondencia en diferentes formatos.</li></ul></li></ul>

<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Utilizarase a modo de consulta o libro de texto de cada nivel, como se fixo ao longo do curso.</li> <li>➤ Completaranse ou refaranse actividades do <i>cahier d'exercices</i> nos cursos nos que se utilizaron (1º e 2º).</li> <li>➤ Material foto copiable que aporte a profesora.</li> <li>➤ Medios informáticos e audiovisuais</li> <li>➤ Aula Virtual.</li> </ul>
-----------------------------	--

NOTA IMPORTANTE: poderán ser obxecto de exame todos os contidos expostos nesta programación, desenvolvidos na clase empregando diferentes materiais adaptados á idade e aos coñecementos dos alumnos (textos, cancións, documentos sonoros, fichas, mapas, páxinas web) e non soamente aqueles contidos desenvolvidos polo libro de texto de referencia.

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Ao finalizar cada trimestre, a docente cubrirá unha folla na que valorará os seguintes indicadores:  
**(RÚBRICA)**

PRÁCTICA DOCENTE	ESCALA			
	1	2	3	4
Realiza a evaluación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudiantes.				
Programa semanalmente e diariamente as clases.				
Detecta os coñecementos previos de cada unidad didáctica.				
Revisa os traballos propostos na aula e fóra dela.				
Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.				
Corrixe e explica os traballos e as actividades, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.				
Propoñe novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non se alcanzaron suficientemente.				
Propoñe novas actividades de maior nivel cando os obxectivos se alcanzaron con suficiencia.				
Utiliza diferentes técnicas de evaluación en función dos contenidos, o nivel dos estudiantes...				
Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudiantes e aos pais/nais.				
<b>Grado de cumprimento da programación e a súa temporalización</b>				

PROCESO DE ENSINO	ESCALA			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguíuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.(na ESO)				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.(na ESO)				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de evaluación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

## **9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

Neste curso escolar NON hai alumnado coa materia pendente. En caso de incorporarse ao longo do curso alumnado coa materia pendente seguiríase un programa de reforzo para a recuperación da materia organizado da seguinte forma:

A profesora entregaría ao alumnado uns “dossiers” de actividades que contaría con diferentes fichas, exercicios, lecturas e traballos correspondentes aos contidos mínimos para cada curso establecidos na programación do curso 2021- 2022. A profesora entregaría estas tarefas marcando a data de entrega e devolución das mesmas.

Cada “dossier” sería cualificado cunha nota sobre dez, tendo en conta diferentes factores: a corrección dos exercicios, a presentación ordenada e limpa dos traballos, a puntualidade nas entregas e recollidas do material, o interese e a actitude amosada polo alumno cara a materia... Nos meses de febreiro e abril acharíase a nota media dos traballos. Se esta nota é igual ou superior a 5, o alumno recupera a materia sen necesidade de facer exame na data sinalada polo centro para a proba extraordinaria, xa que a idea que intentamos transmitir ao noso alumnado é que o trabalho, esforzo e interese durante todo o curso son actitudes que deben ser valoradas más positivamente que un simple exame en maio.

No caso de que o alumnado non faga o traballo proposto durante todo o curso, ou que estes traballos teñan unha cualificación negativa (por entregalos en branco, incompletos, fóra do prazo marcado pola profesora...) deberá presentarse a unha proba obxectiva cando o centro convoque as probas extraordinarias. Esta proba versará sobre os contidos mínimos para cada curso establecidos na programación 2020-2021.

Para concluír, imos facer un cadro resumo do noso programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes:

<b>CONTIDOS</b>	Contidos mínimos da programación do curso 2021-2022.
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	Un mínimo dun dossier de actividades por trimestre. Un exame final extraordinario se for necesario, por non cumplir as condicións marcadas.

<b>MATERIAIS</b>	Libros de texto e cadernos de exercicios marcados polo departamento de Francés no curso 2021-2022.  Fichas, textos, actividades e exercicios seleccionados pola profesora versando sobre os contidos mínimos esixidos.
<b>CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN</b>	Presentación en tempo e forma dos traballos encargados (exercicios completos, ordenados e presentación puntual).  Corrección formal dos traballos.  Actitude cara a materia (pregunta de dúbidas, busca de materiais de apoio coa axuda da profesora...).  Exame final.
<b>CUALIFICACIÓN ( en caso de non realizar os traballos adecuadamente)</b>	Nota media dos traballos (60%).  Nota do exame final en maio (40%).  No caso de non fazer os traballos: nota do exame 100%.

Dado o carácter de continuidade que ten a aprendizaxe das linguas, tal como se aprecia no carácter globalizado e progresivo dos estándares, estas aprendizaxes volven ser obxecto de estudio nos niveis inmediatamente superiores. Por esta razón, o alumnado con Francés pendente, e que estea cursando a materia nun nivel superior, podería recuperala ao ter superado os estándares no curso superior actual, tendo en conta que tamén os criterios de avaliación son análogos e progresivos .

## **10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS**

Neste curso non procede.

## **11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE PODERÁN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS**

A avaliación inicial facilita non só o coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que nos proporciona tamén información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudiantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requirán atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos no grupo para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusóns sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acotar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudiantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

### Medidas individuais e colectivas segundo os seus resultados

- *Medidas individuais*: propostas de actividades de reforzo ou complementarias.
- *Medidas colectivas*: flexibilización da temporalización, diversificación de materiais.

## **I. AVALIACIÓN INICIAL 2º ESO**

### **EVALUATION INITIALE 2º ESO**

Noms : \_\_\_\_\_ Prénom : \_\_\_\_\_ 1º ESO \_\_\_\_\_

### **COMPRÉHENSION ORALE** (Piste : parachute évaluation 22-24) (20 points)

*Tu vas entendre plusieurs petits dialogues correspondant à des situations différentes. Tu auras une pause après chaque dialogue. Puis tu entends à nouveau les dialogues et tu pourras compléter tes réponses. Lis d'abord les questions.*

**Pour chaque situation, coche la bonne réponse.**

**Où se passe la scène ?**

- Dans un magasin.
- Dans un cinéma.
- Dans un musée.
- Dans un café.

\_\_\_\_ / 5

**Situation n° 1**

**Quelle heure est-il**

- 8h
- 6h45
- 7h 15.
- 7h 45

\_\_\_\_ / 5

**Situation n° 2**

**Le collège demande**

- Un stylo.
- Un livre.
- Un cahier.
- Une gomme.

\_\_\_\_ / 5

**Situation n° 3**

**De qui ils parlent ?**

- Des professeurs
- De la famille.
- Des amis.
- De personnes célèbres.

\_\_\_\_ / 5

**Situation n° 4**

## **COMPRÉHENSION ÉCRITE.** Lis la présentation et **complète la fiche.** (20 points)

Bonjour!

Ça va tout le monde? Je m'appelle Pierre Delors. J'habite à Lisbonne, au Portugal. Mon anniversaire c'est le 4 avril et j'ai 13 ans. Ma couleur préférée, c'est le rouge et j'adore le numéro 16 aussi. Au collège, ma matière préférée, c'est l'EPS. C'est génial. Mon prof de sport est très sympa et toujours de bonne humeur, mais je n'aime pas l'anglais. J'adore les jeux vidéo, mais je déteste le foot. Et toi, quelle est ta matière préférée?

À bientôt,

Nom : .....

Prénom : .....

Âge: .....(en lettres)

Date d'anniversaire: .....

Couleur préférée : .....

Numéro préféré: ..... (en lettres)

Matière préférée.....

Matière qu'il déteste: .....

Goûts : .....

## **EXPRESSION ÉCRITE**

1. Écris un petit texte **pour te présenter.** Tu dois dire ton **prénom**, ton **âge**, ta **ville**, ta **nationalité**, ta **date d'anniversaire** et tes **goûts**. Écris **les chiffres en toutes lettres.** (10 points)

---

---

---

---

2. **Posez la question :** (10 points)

a) -----?

Je m'appelle Pauline.

b) -----?

Ma matière préférée est l'anglais.

c) -----?


Ça va bien, merci.

d) -----?

J'ai 11 ans.

## SÉRIE V : GRAMMAIRE ET LEXIQUE

### 1. Complétez avec le jour de la semaine et la matière scolaire. (5)



- a) L\_\_\_\_\_, j'ai \_\_\_\_\_.
- b) M\_\_\_\_\_, j'ai \_\_\_\_\_.
- c) M\_\_\_\_\_, j'ai \_\_\_\_ plastiques.
- d) J\_\_\_\_\_, j'ai \_\_\_\_\_.
- e) V\_\_\_\_\_, j'ai \_\_\_\_\_.

### 2. Place les expressions de temps à leur place. (4)

après-midi • soir • matin • midi

- a) Le \_\_\_\_\_, je prends mon petit déjeuner.
- b) À \_\_\_\_\_, je déjeune à la cantine.
- c) L'\_\_\_\_\_, je prends mon goûter.
- d) Le \_\_\_\_\_, je dîne.

### 3. Observe et complète avec le matériel scolaire. (5)



**4. Complète avec l'article défini ou indéfini : (4)**

- a) \_\_\_\_ sac à dos de Léa es blanc.
- b) Tu as \_\_\_\_ crayon, s'il te plaît ?
- c) \_\_\_\_ élèves de 5<sup>e</sup> sont en classe.
- d) C'est \_\_\_\_ agenda de Marie.

**5. Conjugue le verbe. (9)**

- a) - Moi, je \_\_\_\_\_ (être) Éduard et ma fille \_\_\_\_\_ (être) Marion.
- b) - Je \_\_\_\_\_ (avoir) trente-quatre ans et mon frère \_\_\_\_\_ (avoir) trente-trois.
- c) - Nous \_\_\_\_\_ (adorer) le sport en famille. Moi, je \_\_\_\_\_ (aimer) la natation, mes enfants \_\_\_\_\_ (faire) de la natation et ma femme- \_\_\_\_\_ (faire) du judo.
- d) - Nous \_\_\_\_\_ (se laver) la figure à sept heures du matin.

**6. Donnez des conseils en utilisant l'impératif : (6)**

- a) \_\_\_\_\_ (tu/manger) des fruits et des légumes.
- b) \_\_\_\_\_ (vous/copier) les exercices dans le cahier.
- c) \_\_\_\_\_ (ne pas/vous/gaspiller) d'eau.

**7. Écrivez les phrases suivantes à la forme négative : (7)**

- a) Il adore la natation : \_\_\_\_\_
- b) Je mange de la confiture : \_\_\_\_\_
- c) Nous avons quatre chiens : \_\_\_\_\_

**IV. AVALIACIÓN INICIAL 4º ESO**

**ÉVALUATION INITIALE 4<sup>º</sup> ESO**

NOMS \_\_\_\_\_ PRÉNOM : \_\_\_\_\_

DATE : \_\_\_\_\_

**1. COMPRÉHENSION ORALE (20)**

### Écoute et réponds aux questions.

- |  |  |  |
|--|--|--|
| 1) C'est...  | 5) Ses accessoires sont...                           | 8) Gaëlle préfère la tenue...            |
| a) un défilé de mode. <input type="checkbox"/>     | a) un sac et un foulard. <input type="checkbox"/>    | a) d'Amelle. <input type="checkbox"/>    |
| b) une émission de radio. <input type="checkbox"/> | b) un sac et une ceinture. <input type="checkbox"/>  | b) de Malika. <input type="checkbox"/>   |
| 2) Amelle porte...                                 | 6) La troisième création est présentée par...        | c) de Juliette. <input type="checkbox"/> |
| a) une tunique rose. <input type="checkbox"/>      | a) Julie. <input type="checkbox"/>                   | 9) Romane préfère la tenue...            |
| b) une robe rose. <input type="checkbox"/>         | b) Juliette. <input type="checkbox"/>                | a) d'Amelle. <input type="checkbox"/>    |
| 3) Elle a les cheveux...                           | 7) Elle porte...                                     | b) de Malika. <input type="checkbox"/>   |
| a) blonds. <input type="checkbox"/>                | a) des chaussures à talons. <input type="checkbox"/> | c) de Juliette. <input type="checkbox"/> |
| b) châtaignes. <input type="checkbox"/>            | b) des sandales. <input type="checkbox"/>            | 10) Elle a horreur du look...            |
| 4) Malika porte un ensemble...                     |  | a) romantique. <input type="checkbox"/>  |
| a) veste et jupe. <input type="checkbox"/>         |  | b) gothique. <input type="checkbox"/>    |
| b) veste et pantalon. <input type="checkbox"/>     |  |  |

## 2. COMPRÉHENSION ÉCRITE (20)

### 2.1. Lis le texte et coche vrai ou faux (10)

 Salut Benjamin !

J'ai passé le week-end à la campagne, mais je n'ai pas beaucoup dormi ! Quelle aventure !

D'abord, j'ai eu des difficultés pour monter ma tente. Après, j'ai voulu allumer un feu, mais le bois n'était pas sec ! Ensuite, je me suis endormi vers 23 h, mais au bout de 2 heures, un bruit bizarre m'a réveillé. Je n'ai pas bougé, j'ai écouté et j'ai entendu des bruits de pas autour de la tente. Puis j'ai vu une ombre immense devant la porte. Alors, j'ai eu horriblement peur parce que j'ai cru que c'était un ours... Finalement, je me suis décidé à sortir de la tente et je suis tombé nez à nez avec une vache ! J'étais au milieu d'un troupeau de vaches... Impossible de me rendormir !

Loïc

- |  | V                        | F                        |
|--|--------------------------|--------------------------|
| a) Loïc est allé camper à la campagne.                   | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| b) Il a monté sa tente sans problèmes.                   | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| c) Il a allumé un feu pour se réchauffer.                | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| d) Ensuite, il s'est couché et il s'est endormi.         | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| e) Mais des bruits de voix l'ont réveillé.               | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| f) Alors il s'est levé.                                  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| g) Puis il a vu une ombre.                               | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| h) Il a eu peur parce qu'il a cru que c'était un voleur. | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| i) Quand il a ouvert la porte, il a vu un ours.          | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| j) Après cet incident, il a très bien dormi.             | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

### 2.2. Pour les phrases, indique l'image correspondante (10)




	Image
1) Il faut être bien équipé pour faire des réparations.	
2) Il nettoie la salle de bains à fond une fois par semaine.	
3) Les chemises sont difficiles à repasser !	
4) L'été, il faut arroser les plantes souvent à cause de la chaleur.	
5) En général, je fais les courses le vendredi pour toute la semaine.	
6) Je n'aime pas enlever la poussière, j'éternue tout le temps !	
7) Le mercredi, elle tient compagnie à sa voisine, qui est âgée.	
8) Chez moi, on passe l'aspirateur à tour de rôle.	

### 3. EXPRESSION ÉCRITE (20)


#### 3.1. Recopie en face de chaque information le champ auquel elle correspond.

Adresse // Nom // Date de naissance // Prénom // Situation familiale // Numéro de téléphone // Sexe // Ville // Code postal // Lieu de naissance

PERTUIS	.....
Jean-Michel	.....
Homme	.....
Célibataire	.....
25, quai de la Loire	.....
33 000	.....
BORDEAUX	.....
03.49.88.76.29	.....
Né le 18/03/1975	.....
Né à Saint-Mandé (94)	.....

#### 3.2. Tu reçois ce courrier, mais tu ne peux pas y aller. Tu dois la remercier pour son invitation, te justifier et lui proposer une autre chose. (10)

Objet :	Invitation
Salut !	
Comment ça va ?	
Tu veux venir avec moi demain soir au concert du chanteur M ? Il me reste une place.	
Réponds-moi vite !	
Sarah	



## 4.GRAMMAIRE ET LEXIQUE : (40)

### 4.1 Complète avec les mots (10)

passer • gauche • sur • traversez • tournez • tout droit • cherche • prenez • rue

- Excusez-moi, je \_\_\_\_\_ l'hôtel de ville. Vous pouvez m'indiquer le chemin ?
- ▲ Bien sûr, c'est facile ! Vous \_\_\_\_\_ la première \_\_\_\_\_ à droite et vous \_\_\_\_\_ devant la fontaine. Vous \_\_\_\_\_ le pont et vous \_\_\_\_\_ à droite. Vous continuez \_\_\_\_\_ et vous tournez dans la deuxième rue à \_\_\_\_\_. La mairie est \_\_\_\_\_ la place.

### 4.2.Transforme le verbe au passé composé. (10)

1. Nous (sortir) ..... de la classe en retard.
2. Elle (écrire) ..... une lettre magnifique.
3. Ils (ne pas comprendre) ..... les indications du guide.
4. Elle (attendre) ..... jusqu'à 6 heures.
5. Elles (monter) ..... au troisième étage.
6. Le train (partir) ..... à l'heure, comme d'habitude.
7. Le bébé (être) ..... malade toute la semaine.
8. Nous (ne pas pouvoir) ..... fermer l'œil à cause du bruit.

### 4.3. Fais des comparaisons avec les mots proposés (10)

1. Ordinateur/machine à écrire/pratique. : \_\_\_\_\_
2. Voiture électrique /voiture à essence/polluer : \_\_\_\_\_
3. Avion/train/rapide : \_\_\_\_\_
4. La souris/la tortue/agile : \_\_\_\_\_
5. Chanel/Zara/cher : \_\_\_\_\_

#### 4.4. Entoure le relatif qui convient (10)

Pablo Picasso est un peintre espagnol *qui* / *que* a vécu presque toute sa vie en France, *qui* / *que* le monde entier admire et *qui* / *que* a révolutionné la peinture du XX<sup>e</sup> siècle. C'est son tableau, *Les Demoiselles d'Avignon*, *qui* / *que* a marqué les débuts du cubisme. Dans un autre tableau célèbre, *Guernica*, il a dénoncé les atrocités *qui* / *que* la guerre provoque et, après la guerre, il a peint une colombe *qui* / *que* est devenue le symbole universel de la paix.



## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cada alumno e cada alumna é **distinto/a** dos demais. Os seus coñecementos, ideas e crenzas previas son distintos; tamén o son as súas capacidades, os seus ritmos de desenvolvemento e de traballo e o seu estilo de aprendizaxe. Se queremos que todos aprendan non podemos pensar que todos saben o mesmo, adquieren as mesmas capacidades, teñen os mesmos intereses ou a mesma maneira de aprender.

A atención á diversidade debe orientarse a **quen teña dificultades** para acadar os obxectivos, pero tamén a **quen os supere e poida amplialos** para así axustar a avaliación ás súas necesidades psicolóxicas e educativas. Así, nas nosas actividades intentamos dar cabida ás dúas opcións para combinármolas na aula e para comprometer a todo o grupo.

Atendendo a estas características, procuraremos que a materia de FRANCÉS permita desenvolver ao máximo as capacidades do alumnado que así o demande, e faremos un **seguimento** o máis personalizado posible coa fin de que cada quen desenvolva ao máximo as súas potencialidades. Para iso, cando na aula se detecten casos de alumnos ou alumnas que requirán unha atención especial referente ao seu proceso de aprendizaxe ou de comportamento, incorporaranse actividades específicas que permitan a adquisición de aprendizaxes a distinto nivel, informando tamén desta situación ao titor ou á titora correspondente. Estas actividades entregaránse ao alumnado persoalmente en man, indicarles cales son as que poden realizar e onde as poden atopar. Empregarase a Aula Virtual para a comunicación e exposición das tarefas, en caso de ausencia do alumnado.

Neste senso a metodoloxía que se pensa levar adiante vai ser diversa e estará baseada nos seguintes **criterios**:

- a. Alternará o traballo individual e en pequenos grupos a través de medios telemáticos.
- b. Farase un seguimento diario de alumnos con dificultades.
- c. Farase uso de material didáctico próximo aos seus intereses e sobre todo práctico.
- d. Non se comparará o alumno co grupo.

En todo momento poderanse fazer pequenas adaptacións, se for preciso. Por esta razón vanse seguir unhas **pautas** determinadas de traballo:

1. Determinación de que é o que o alumno non consegue facer.
2. Determinación dos contidos que hai que traballar e da metodoloxía que hai que utiliza
3. Comprobación mediante a avaliación de cales foron os obxectivos acadados.

Tamén as **actividades** deberán ser diferenciadas segundo o alumno:

1. Actividades para o aproveitamento de alumnos avantaxados.
2. Actividades con distinto nivel de complexidade, que permitan traballar os mesmos contidos con esixencias distintas.
3. Actividades que lles permitan aos menos avantaxados acadar o máximo e que, sobre todo, lles poidan servir de reforzo ou axuda.

É por isto polo que os materiais didácticos non serán homoxéneos, xa que, aínda que se basean nun libro de texto, moitos temas poden ser elaborados polo propio Departamento.

## 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Segundo o establecido no Decreto 86/2015, de 25 de xuño polo que se regula o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia os elementos transversais que deben traballarse a través de todas as materias son os seguintes:

- Comprensión lectora
- Expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual
- Tecnoloxías da información e da comunicación
- Emprendemento
- Educación cívica e constitucional

Por outra banda, por acordo do claustro, centrarase unha atención especial na celebración das conmemoracións que seguen:

- 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- 16 – 20 de maio: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente.

Alén das citadas más arriba, dado a importancia do contexto europeo na nosa materia e coa fin de outorgarlle **maior visibilidade e significación, tanto ao departamento coma á lingua e cultura francófona** dentro de toda a comunidade educativa, o departamento de francés resolve desenvolver igualmente actividades específicas para subliñar a relevancia das celebracións que seguen:

- 9 de maio: Día de Europa.
- 7 - 11 de marzo: Semana da Prensa.
- 18 - 22 de marzo: Semana da Francofonía.
- 21 de marzo: Día da Poesía.

Debemos engadir a colaboración co proxecto Edu-sostible no que o alumnado colaborará coa elaboración de carteis, vídeos, fotos, redacción de novas, etc. coa fin de concienciar e comprometerse

co desenvolvemento sostible, o coidado do medioambiental, a preservación da biodiversidade e fomentar o consumo responsable.

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades que se plantexa realizar o Departamento de Francés contribuirán non só á concreción dos estándares de aprendizaxe de cada nivel, senón tamén ao desenvolvemento dos proxectos do centro, o que conleva un traballo interdisciplinar.

Ao longo do curso proporanse unha serie de actividades complementarias para **visibilizar e incidir na importancia da lingua e cultura francófona** en toda a comunidade educativa, das que tamén se tirará proveito para celebrar as **conmemoracións** e traballar os **elementos transversais** contextualizándoos en función da dispoñibilidade horaria e organizativa de centro, alumnado e profesorado, así coma da dotación orzamentaria do Departamento.

As devanditas propostas son as que se especifican de seguido:

- Décoration de la salle de classe (dictons, poésie, paroles...)
- Affiche ton français (elaboración de posters)
- Dis-moi dix mots (concurso de léxico)
- Printemps de poésie (recital de poemas e traducións dos mesmos)
- Representacións de diálogos e sketchs.
- Elaboración de carteis de sinalizacións e informativos, sobre todo os relacionados co proxecto Edu-sostible.

Como actividades extraescolares:

- Saída ao teatro, se as pezas que se oferten polas compañías son do nivel adecuado ao noso alumnado.
- Saída para ver proxeccións cinematográficas ofertadas pola Alianza Francesa.
- Preparación das probas do DELF para o alumnado de 4º de ESO que decida presentarse a ditas probas.

## **15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROPOSTAS DE MELLORA**

Para seguir o axeitado desenvolvemento da programación durante o curso, polo menos unha vez na avaliación vaise recoller expresamente no libro de actas do departamento unha valoración acerca do desenvolvemento da programación. Nel indicarase se a programación se está a desenvolver segundo estaba previsto ou non e os seguintes puntos:

1. Porcentaxe do cumprimento da programación.
2. Xustificacións da parte da programación non impartida.
3. Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
4. Motivos das modificación feitas.
5. Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.
6. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado
7. O docente cubrirá unha folla na que valorará os seguintes indicadores: (RÚBRICA)

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica  (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1. Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
2. O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
3. Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
4. Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
5. Vincoulouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
6. Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
7. Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
8. Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
9. O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
10. Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
11. Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				

12. Estableceronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
13. Estableceronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
14. Fixáronse criterios para a avaliación final?				
15. Estableceronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
16. Estableceronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
17. Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
18. Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
19. Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
20. Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
21. Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
22. Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
23. Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
24. Usáronse as TIC no desenvolvimento da materia?				

1 – Case nada; 2 – Pouco; 3 – Bastante; 4 - Moito